CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 11 DE OUTUBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

Concelleiros:

Dª. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **12:15 horas** do día **11 de outubro de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

1.1.- Licenza de obra. Expediente 17/2017.

1.2.- Licenza de obra. Expediente 92/2017.

1.3.- Licenza de obra e para cambio de intensidade de uso. Expediente 213/2017.

1.4.- Licenza de primeira ocupación. Expediente 90/2017.

1.5.- Licenza de primeira ocupación. Expediente 211/2017.

1.6.- Comunicacións previas.

1.7.- Renuncia a licenza de obra . Expediente 183/2016.

1.8.- Rectificación de acordos. Expediente 265/2016.

2.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.

****

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

1. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ Finalizadas as obras debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ Prazo de execución: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **produción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes*.

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

1.1) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 17/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

"Visto que D. J** solicitou en data 09/02/2017 (r.e. 737) licenza municipal para "**construcción dun galpón**" situada no lugar de Carballosa, 82- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A03101301 segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. J** de data enero de 2017 (visado COAG 1700576.2 de data 03/02/2017).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo **nº 17/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 15/05/2017 e o informe de Secretaría de data 09/10/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** licenza municipal para "**construcción dun galpón**" situado no lugar" situada no lugar de Carballosa, 82- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A03101301 segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. J** de data enero de 2017 (visado COAG 1700576.2 de data 03/02/2017), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural común. Grao 2.

b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 3,50 m (altura); 54,65 m2 (edificabilidade); 54,65 m2 (ocupación).

c) **Dirección facultativa:** D.J**

d) **Dirección de execución:** non consta, deberá achegar o correspondente oficio de nomeamento.

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base impoñible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
15.863,30 euros	2%	317,27 euros	Taxa pagada	39,66 €	**317,27 euros**
			Taxa definitiva	39,66 €	
			Liquidación	**0,00 €**	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 92/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

"Visto que Dª. I** solicitou en data 18/05/2017 (r.e. 3081) licenza municipal para "**demolición de edificación existente e construcción dunha vivenda unifamiliar illada**" situada no lugar de Tarela, s/n - Noal, coa referencia catastral 0606202NH0300N0001OU segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. F** de data mayo de 2017 (visado COAG 1702692.2 de data 11/05/2017).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo **nº 92/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 12/06/2017 e o informe de Secretaría de data 09/10/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Dª. I** licenza municipal para "**demolición de edificación existente e construcción dunha vivenda unifamiliar illada**" situada no lugar de Tarela, s/n - Noal, coa referencia catastral 0606202NH0300N0001OU segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. F** de data mayo de 2017 (visado COAG 1702692.2 de data 11/05/2017), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo urbano consolidado. Ordenanza 4 - Edificación residencial extensiva. Grao 3.

b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 6,95 m (altura); 504,25 m2 (edificabilidade); 186,10 m2 (ocupación).

c) **Dirección facultativa:** D. F**.

d) **Dirección de execución:** D. F**.

e) **Coordinación de seguridade e saúde:** D. F**.

f) **Outras condicións:** durante a execución da obra observaranse estritamente as prescricións fixadas na autorización outorgada por Augas de Galicia o 22/09/2017.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base impoñible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
170.045,22 euros	2%	4.591,22 euros	Taxa pagada	144,57 €	**5.296,88 euros**
			Taxa definitiva	850,23 €	
			Liquidación	**705,66 €**	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.3) LICENZA DE OBRA E PARA CAMBIO DE INTENSIDADE DE USO. EXPEDIENTE 213/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

"Visto que D. A** solicitou en data 12/09/2017 (r.e. 5684) licenza municipal para "**obra para cambio de intensidade do uso da planta semisoto e local en planta baixa**" do edificio situado na Rúa Redeiras, 6 – Portosín (Goiáns), coas referencias catastrais 4543404NH0344S0000SY e 4543404NH0344S0002FI segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dª. A**, de data agosto de 2017 (visado COAG 1705226,2 de data 06/09/2017).

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Vista a documentación que obra no expediente administrativo **nº 213/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 06/10/2017 e o informe de Secretaría de data 09/10/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. A** licenza municipal para "**obra para cambio de intensidade do uso da planta semisoto e local en planta baixa**" do edificio situado na Rúa Redeiras, 6 – Portosín (Goiáns), coas referencias catastrais 4543404NH0344S0000SY e 4543404NH0344S0002FI segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dª. A**, de data agosto de 2017 (visado COAG 1705226,2 de data 06/09/2017), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

"**Clasificación urbanística do solo:**

Segundo o plano nº Serie O-3, folla 6-P do PXOM, a parcela na que se atopa a edificación está clasificada como **Solo urbano, ordenanza 1 de edificación intensiva en cuarteirón ou "manzana" (EC).**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto a) establece que *Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo*.

Condicións das parcelas e a súa forma de ocupación (punto 4.2 do PXOM):

Non se modifica

Condicións de volume e forma da edificación (punto 4.3 do PXOM):

Non se modifica

Condicións de calidade e hixiénicas da edificación (punto 4.4 do PXOM):

O proxecto contén xustificación do cumprimento do DB HS do CTE.

Condicións das dotacións de servizo dos edificios (punto 4.5 do PXOM):

Non se intervén nos subministros do edificio.

Condicións de acceso e seguridade nos edificios (punto 4.6 do PXOM):

Con respecto ao uso comercial, no momento que se introduza algunha actividade, ou si se cambiara o uso, deberá cumprirse e xustificarse o cumprimento da normativa autonómica de accesibilidade.

O proxecto contén xustificación do cumprimento do DB-SI.

Condicións estéticas e tipolóxicas (punto 4.7 do PXOM):

Non se intervén no exterior da edificación.

Condicións de uso (punto 4.8 do PXOM):

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Na ordenanza de aplicación son usos permitidos o de Garaxe Aparcadoiro, categorías 1ª, 2ª, 3ª e 4ª, e o uso Terciario Xeral – Comercio, categorías 1ª, 2ª e 3ª, polo tanto están permitidos

Condicións particulares:

- As obras e usos axustaranse ao proxecto presentado, visado número 1705226,2 en data 06/09/2017 asinado pola arquitecta Ana María García Gerpe, colexiada número 2638.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.
- No momento no que se introduza algunha actividade nos locais comerciais, ou si se cambiaran o uso, deberá cumprirse a normativa autonómica de accesibilidade, así como o resto de normativa técnica de aplicación ao uso que se pretenda implantar."

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base impoñible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
4.576,84 euros	2%	91,54 euros	Taxa pagada	30,05 €	**91,54 euros**
			Taxa definitiva	30,05€	
			Liquidación	**0,00 €**	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.4) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. EXPEDIENTE 90/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

Visto que D. A** solicitou en data 16/05/2017 (r.e. 3057) licenza municipal para "**primeira ocupación**" da vivenda situada no lugar de Freixedo, 24- Goiáns na parcela con referencia catastral 4337509NH0343N0001JT, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17/09/2004 (expte. 313/2002).

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 90/2017 e, en particular o informe dos servizos técnicos municipais, de data de 24/05/2017, en sentido favorable, no que se conclúe: *"en base á visita realizada, á documentación presentada e examinado o expediente, considerase que se pode proceder á autorización da primeira ocupación do citado inmoble".*

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. A** licenza municipal para "**primeira ocupación**" da vivenda situada no lugar lugar de Freixedo, 24- Goiáns na parcela con referencia catastral 4337509NH0343N0001JT, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17/09/2004 (expte. 313/2002).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación e expedición de documentos polo outorgamento da licenza de primeira ocupación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible: orzamento	TIPO de GRAVAME	COTA taxa LPO	PENDENTE PAGO
73.476;00 €	0,25%	183,69 €	**0,00 €**

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables."

1.5 LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. EXPEDIENTE 211/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

"Visto que Dª. M** solicitou en data 06/09/2017 (r.e. 5587) licenza municipal para "**primeira ocupación**" da vivenda situada no lugar de Vilar, s/n- Baroña na parcela con referencia catastral 15072A010000790001AU, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 30/12/2002 (expte 513/2002.).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 211/2017 e, en particular o informe dos servizos técnicos municipais, en sentido favorable, no que se conclúe: *"en base á visita realizada, á documentación presentada e examinado o expediente, considerase que se pode proceder á autorización da primeira ocupación do citado inmoble".*

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Dª. M** licenza municipal para "**primeira ocupación**" da vivenda situada no lugar de Vilar, s/n- Baroña na parcela con referencia catastral 15072A010000790001AU, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30/12/2002 (expte. 513/2002).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación e expedición de documentos polo outorgamento da licenza de primeira ocupación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Base impoñible: orzamento	TIPO de GRAVAME	COTA taxa LPO	PENDENTE PAGO
170.065,54 €	0,25%	425,16 €	**117,16 €**

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables."

1.6) <u>COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.</u>

1.6.1.- Expediente nº 157/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M** o 12/07/2017 (r.e. 4573) para realizar obras de "**construción de edificación auxiliar e peche**" na parcela situada no lugar de Quintáns, 24 – Nebra coa referencia catastral 000803600NH03A0001IH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
16.739,79 euros	2%	**334,80 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.2.- Expediente nº 186/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Dª. M** o 09/08/2017 (r.e 5133) para realizar obras de "**construción de peche de 200 m de longo**" na parcela situada no lugar de A Pedreira, 91 – San Pedro de Muro coa referencia catastral 001900400MH91H0001WM.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
17.000,00 euros	2%	**340 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.3- Expediente nº 188/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Dª. M** o 11/08/2017 (r.e. 5162) para realizar obras de "**lavado e pintado de casa e baixo**" no inmoble situada na Rúa da Igrexa, 52 – Porto do Son, coa referencia catastral 0206814NH0300N0001IU.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.550,00 euros	2%	**31, 00 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.4- Expediente nº 215/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 13/09/2017 (r.e. 5711) para realizar obras de "**reparación do tellado e reposición de tellas**" do inmoble situada na Rúa San Andrés, 51 – Portosín, coa referencia catastral 4342609NH0344S0002OI.

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.200,00 euros	2%	**84,00 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.5 Expediente nº 216/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 15/09/2017 (r.e. 5768) para realizar obras de "**execución de entrada a finca**" na parcela situada no lugar de Currais, Loreto – Noal, coa referencia catastral 15072A50105135.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.694,00 euros	2%	**33,88 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.6.- Expediente nº 217/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 18/09/2017 (r.e. 5797) para realizar obras de "**reparación de gretas e pintado da**

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

fachada" na vivenda situada en Freixedo, 26 – Goiáns, coa referencia catastral 4337316NH0343N.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.281,00 euros	2%	**85,62 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.7.- Expediente nº 221/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Dª. R** o 25/09/2017 (r.e. 5936) para realizar obras de "**substitución de tella en cuberta e vigas**" na vivenda situada no lugar de Quintáns – Nebra, coa referencia catastral 001300200NH03D0001MH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
5.100,00 euros	2%	**102,00 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

1.6.8.- Expediente nº 223/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 27/09/2017 (r.e. 6003) para realizar obras de "**modificación de ancho en porta do garaxe**" do inmoble situado na rúa Iglesia, 25 – Porto do Son, coa referencia catastral 0005104NH0300N0005QA.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.935,00 euros	2%	**58,70 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.9.- Expediente nº 225/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Dª. M** o 28/09/2017 (r.e. 6034) para realizar obras de "**lavado e pintado de fachada**" da vivenda situado na rúa Costa Granxa, 8 - Porto do Son, coa referencia catastral 9604807MH9390S0001QI.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
300,00 euros	2%	**30,05 euros (minímo)**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.6.10.- Expediente nº 226/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 29/09/2017 (r.e. 6069) para realizar obras de "**substitución de acabado de cuberta e reparación e substitución de elementos estruturais**" na vivenda situado no lugar A Igrexa, 16 – Nebra, coa referencia catastral 002302700NH03A0001XH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.560,00 euros	2%	**131,20 euros**

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

1.7) <u>RENUNCIA A LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 183/2016.</u>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

"Vista a instancia presentada por D. D** en data 06/10/2017 (r.e. núm. 6266) renunciando á licenza urbanística que lle fora outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 15/06/2017 (expediente 183/2016).

Considerando que, de acordo art. 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas "*todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos*" e que o art. 94.4 da mesma norma dispón que "*a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento agás que, habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia*".

Considerando que, consonte ao art. 2.1 da Ordenanza fiscal nº 15, reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos "*constitúe o feito impoñible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais con*

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

epígrafe na tarifa", como é o caso das licenzas e comunicacións previas urbanísticas, e tendo en conta que a obriga tributaria nace ao realizarse o feito impoñible (art. 21.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria) non procede a devolución da taxa abonada pola tramitación da solicitude de licenza urbanística.

Considerando que o art. 103 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) dispón que cando se obteña a licenza de obra ou, de non solicitarse, concederse ou denegarse esta, se iniciase a construción, instalación ou obra, se practicará unha liquidación provisional do ICIO, e tendo en conta que de non realizarse o feito impoñible (construción da obra) non procede a liquidación do imposto (STS 14/09/2005, fundamento xurídico 2º), procede a anular a liquidación provisional doICIO.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia formulada por D. D** á licenza urbanística que lle fora outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 15/06/2017 (expediente 183/2016) para "**construción dunha vivenda unifamiliar**" e dispor o arquivo do expediente.

SEGUNDO.- Anular a liquidación tributaria do ICIO aprobada pola Xunta de Goberno Local o 15/06/2017 correspondente ao expediente de obra nº 183/2016, por non terse executado a obra que motivou a referida liquidación.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables, así como á Tesourería municipal para os efectos oportunos."

1.8) <u>RECTIFICACIÓN DE ACORDOS. EXPEDIENTE 265/2016.</u>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO**:

"Visto que a Xunta de Goberno Local, en data 27/07/2017, lle outorgou unha licenza de obra a MIUDIÑO 2008 (expte. 265/2016) e que no punto terceiro do acordo di:

"TERCEIRO.- *Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:*

Taxa de tramitación	
Cota tributaria (0,12 €x m2)	
Taxa pagada	*0,00 €*
Taxa definitiva	*185,07 €*
Pendente de pago	***185,07 €***

Visto que MIUDIÑO 2008 S. L. efectuou ingresou dúas veces o importe de 185,07 €, correspondente á autoliquidación de taxas de tramitación do expte. 265/2016: o 27/02/2017 e o 01/09/2017.

Vista a proposta da funcionaria da Área económica para a rectificación do apdo. terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de 27/07/2017.

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Considerando que o art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que "*as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"* e que no presente suposto se incorreu nun erro material.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material existente no apdo. TERCEIRO do acordo da Xunta de Goberno Local de 27/07/2017 polo que se outorga licenza de obra a MIUDIÑO 2008 S. L. que queda redactado do seguinte teor:

*"**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:*

Taxa de tramitación	
Cota tributaria (0,12 €x m2)	
Taxa pagada	*185.07 €*
Taxa definitiva	*185,07 €*
Pendente de pago	***0,00 €***

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables, así como á Tesourería municipal para os efectos oportunos.".

2. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **12:35 horas**, do día **11 de outubro de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo. José Luís Oujo Pouso.

33283149X JOSE LUIS OUJO (R: P1507200B)
Firmado digitalmente por 33283149X JOSE LUIS OUJO (R: P1507200B)
Fecha: 2018.04.27 11:06:41 +02'00'

O SECRETARIO,

Asdo. José Manuel González García.

GONZALEZ GARCIA JOSE MANUEL - 77404022Y
Firmado digitalmente por GONZALEZ GARCIA JOSE MANUEL - 77404022Y
Fecha: 2018.04.27 09:48:04 +02'00'